

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xaneiro de 2023**

Ás 16.30 horas do día 18 de xaneiro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por dona Ana Patricia Torres Madureira), nin a deputada do Grupo Socialista dona Elvira Lama Fernández (substituída por don Álvaro Vila Araújo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de decembro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 14 de decembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN E RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DA DEPUTACIÓN Á DATA 31.12.2022.

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, intervén para falar da importancia deste tipo de instrumento de xestión do patrimonio para as entidades locais. Unha vez estudado o expediente da actualización do inventario de bens da Deputación, indica que hai unha serie de cuestións que, na súa opinión, deben ser revisadas. Por exemplo, os vehículos non veñen identificados coa matrícula; nos bens de natureza rústica non hai identificación coa referencia catastral; nos bens mobles de natureza histórico-artística hai moitas valoracións que chaman a atención, xa que aparecen cadros ou esculturas de artistas recoñecidos cunha valoración de 700 euros; sorprende tamén a valoración que se lles dá a algúns ben de natureza urbana, destacando sobre todo a valoración da Finca de Antela, ben de natureza rústica, que se eleva a 19 millóns de euros. As accións que ten a Deputación en Meisa aparecen valoradas en 0 euros. Sinala que coa aprobación do inventario debemos ter unha fotografía real do estado do patrimonio provincial ,polo que pide que se corrixa todas estas deficiencias.

O **presidente da comisión** comparte a afirmación da importancia deste documento para a xestión do patrimonio, e indica que se leva traballando varios anos nel, polo que non é para nada urxente a súa aprobación. Por isto, propón que o asunto se volva estudar para que a empresa que realizou a documentación rectifique os erros e ofrezas as explicacións que se lle soliciten, polo que propón deixar o asunto ata completar o expediente para a comisión do mes de febreiro.

Sometida a votación esta proposta, resulta aprobada por unanimidade, polo que a comisión acorda que o asunto se trate na vindeira comisión do mes de febreiro.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A ELECCIÓN DIRECTA DOS DEPUTADOS E DEPUTADAS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS.-

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, manifesta a súa reserva de voto para o Pleno.

D. Bernardo Valera López, do BNG, sinala que desde a súa formación política non son partidarios da existencia das deputacións dentro do sistema institucional do Estado, se ben todo o que sexa avanzar na elección directa lle parece ben, en todo caso engade que esta solicitude debe debaterse e, se é o caso, aprobarse no Congreso dos Deputados, polo que pide que o Grupo Socialista llo faga chegar alí, grazas á maioría que ten no Congreso dos Deputados.

O **presidente da comisión** manifesta a reserva de voto do seu grupo para o pleno.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que a proposta consiste precisamente en instar ao Goberno do Estado a que tramite a dita modificación lexislativa.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), do BNG (1), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. A Deputación Provincial de Ourense insta ao Goberno de España a impulsar unha iniciativa lexislativa para a reforma da Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral e de toda aquela lexislación que sexa necesario modificar, para aprobar a elección directa dos deputados e deputadas das corporacións das deputacións provinciais, co obxectivo de fortalecer a representatividade democrática; aumentar a confianza dos cidadáns nestas institucións; para garantir maior transparencia e para impulsar a rendición de contas dos cargos políticos destas institucións.

2. A Deputación Provincial de Ourense insta ao Parlamento de Galicia a solicitar do Goberno central a adopción dun proxecto de lei ou remitirle á Mesa do Congreso unha proposición de lei que impulse a reforma da Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral e de toda aquela lexislación que sexa necesario modificar, para aprobar a elección directa dos deputados e deputadas das corporacións das deputacións provinciais, co obxectivo de fortalecer a representatividade democrática, aumentar a confianza dos cidadáns nestas institucións, para garantir maior transparencia e para impulsar a rendición de contas dos cargos políticos destas institucións.

3. A Deputación Provincial de Ourense insta a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a promover os cambios legislativos que sexan necesarios para aprobar a elección directa dos deputados e deputadas das corporacións das deputacións provinciais, co obxectivo de fortalecer a representatividade democrática, aumentar a confianza dos cidadáns nestas institucións, para garantir maior transparencia e para impulsar a rendición de contas dos cargos políticos destas institucións.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pide que, a raíz de que a Deputación está tramitando a actualización do inventario, se estuden vías de cooperación, tanto económicas como técnicas, cos concellos da provincia para que poidan actualizar os seus respectivos inventarios.

O **presidente da comisión** sinala que estudará o rogo formulado polo Grupo Socialista.

E, ás 16.55 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.